



rcl | 7
Galicia Hoxe 29/01/04

De 1993 data a primeira colaboración de Margarita Ledo en Revista das Letras, cun relato que aínda permanece inédito. Desde entón, só en dúas ocasións máis aparece a escritora e documentalista nas páxinas do suplemento, sempre con textos só recollidos nas nosas páxinas, a máis recente colaboración súa no 2003 cunha homenaxe a Avilés de Taramancos. Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951) ten unha obra tan abondosa como difícil de clasificar, a medio camiño do xornalismo, o cine, a novela e a poesía. 'Linguas mortas' (1989) é o seu pomario máis recoñecido e 'Porta blindada' (1990) unha das súas últimas narracións.

Margarita Ledo

Díxolle non deixes...

Ele dixo que o xaguar prefire carne doce e que a carne de negro é carne doce. Ele dixo que admiraba a súa liberdade. Ele díxolle non deixes que na madrugada morra de frío ese paxariño. Ele dixo que atravesara a sabá de Castela absorto entre as améndoas. Ele díxolle necesito un pouco de sosego. Ele quixo gardar un pano que tiña algunhas bágoas. Ele agasaloulle un paxaron branco que lle coubo xusto –en pechando o puño: na cunca da man.

Ele dixo: cómpre matar a Supermán